

Que é ?

Sóanche as palabras “fab lab”, “espazo maker” ou “aula do futuro”? Ao igual que eses espazos, a Aula nova concíbese como un lugar de traballo comunitario, flexible e agradable onde a metodoloxía está orientada á amplificación da aprendizaxe, ao desenvolvemento da creatividade, á innovación e á autonomía do alumnado.

Por que vir ?

A Aula nova é un espazo versátil onde o coñecemento se converte en acción, ben a través da participación en actividades de formación baixo diferentes formatos e/ou duración; ben a través da exploración e aproveitamento autónomo dos recursos e materiais. Dá igual a túa competencia dixital, o espazo está ao teu dispor para actividades con distintos niveis de uso da tecnoloxía.

Terás a posibilidade de:

- 1) **Probar, desenvolver e materializar** un proxecto que teñas en mente.
- 2) **Repensar** o papel da pedagogía, a tecnoloxía e o deseño na túa aula.
- 3) **Compartir e intercambiar** ideas con outros/as docentes.

Como solicitar ?

Consulta o calendario na web e elixe se queres facer unha visita guiada connosco e/ou explorala pola túa conta. Neste caso, terás que idear un proxecto e enviárnolo xunto coa solicitude que atoparás en www.aulanova.gal.

CAFI
AULA NOVA
WORKSPACE

espazo de encontro, aprendizaxe e experimentación

inventa
prototipa
supera retos
realiza a túa idea
comparte
colabora


expresa
presenta
explora
aprende
desenvolve
investiga

Lamas de Abade s/n 15702 Santiago de Compostela
cafi.aulanova@edu.xunta.es
www.aulanova.gal



CAFI
AULA NOVA
WORKSPACE

espazo de encontro, aprendizaxe e experimentación



XUNTA DE GALICIA

relacionar

explorar

colaborar

expresar

aprender



MAKER

Filosofía que invita a explorar curiosidades e intereses e a resolver problemas.



LAB

Pequeno obradoiro para experimentar e crear produtos personalizados.



STEM

Integración das disciplinas científicas para fomentar o pensamento crítico, o razoamento lóxico e a colaboración.



METODOLOXÍAS

O construtivismo, construcionismo, pensamento de deseño e ALFIN son as metodoloxías que subxacen ao traballo neste espazo.

experimentar

investigar

crear

compartir

presentar